


ANIMADOR

Diocese de Ourense - Lectio Divina

TEMA 2: VIVINDO A COMUÑÓN

*"Eran perseverantes en escoita-la ensinanza dos apóstolos,
na comunión da vida, no rito de partiren o pan, e nas
oracións"*
(Feit 2, 42)



“Facer da Igrexa a casa e a escola da comunión: este é o gran desafío que temos ante nós no milenio que comeza, se queremos ser fieis ao designio de Deus e responder tamén ás profundas esperanzas do mundo.” (NMI 43)

Sonando o Ideal

COMEZAMOS cun **canto** e encomendando a Deus este momento de Lectio Divina.

ORACIÓN DE INICIO

*Señor Xesús,
estamos aquí reunidos para escoitar a túa Palabra
que nos fala na vida e na Sagrada Escritura.
Dános a alegría de experimentarte próximo,
de coñecerte cada día un pouco máis,
de chegar aos poucos ao fondo do teu corazón.
Sabemos que só ti es a fonte de toda felicidade,
por iso queremos enchernos de ti.
Desta forma sabemos, tamén,
que faremos máis felices a todos os que nos rodean.
Dános lucidez para atoparte,
corazón ardente para amarte e valentía para servirte.
Dános a graza de saber orar
e levar unha vida de acordo á nosa oración.
Que poidamos ser no medio do noso mundo
ese grao de sal e esa faísca de luz
que ilumine, alegre e dea sabor
á vida de todos os que nos rodean. AMÉN.*

I. MIRANDO XUNTOS A NOSA REALIDADE

Lemos o seguinte relato:

Xoana e Xurxo co seu fillo Manuel son unha nova familia. Viven nun apartamento alugado que é moi pequeno e está en malas condicións. Teñen alugado un bar que lles vai bastante ben e están a pensar en comprar unha vivenda que xa miraron, pero precisan xuntar diñeiro para pagar a entrada. Xurxo, sen que o saiba Xoana, xoga á Lotería cada semana, facéndose a idea de que lle vai tocar moito diñeiro. Hai semanas que xoga cantidades altas.

Xoana, con todo, di que o máis importante é que estean ben como familia e ademais busca traballar máis, atender mellor aos clientes e organizarse para non gastar en cousas superfluas para ver se así alcanzan o seu obxectivo.

DIALOGAMOS:

- Xoana e Xurxo queren comprar casa. Que fai Xurxo? Que fai Xoana? Que opinión merécenche cada unha das súas actitudes?

- Da mesma forma moitos mozos queren conseguir cousas fermosas na vida tales coma un bo emprego, unha familia. *Que deben facer?*
- Nós estamos empeñados en facer boas comunidades-parroquias, cristiás. Algúns cren que o máis importante é “arranxar” a Igrexa. Outros cren que máis importante aínda que a construción é poñer unhas boas bases... *Cales serían esas bases?*

II. ESCOITEMOS A PALABRA DE DEUS

Preparámonos internamente facendo silencio para acoller a mensaxe que o Señor nos quere transmitir coa súa Palavra.

Pode axudarnos facer un momento de silencio, abrir unha Biblia e acender unha vela.

Logo un do grupo proclama **Feit 2, 42-47**:

***“[Os que recibiron a súa palabra... arredor de tres mil almas] ⁴²Eran perseverantes en escoita-la ensinanza dos apóstolos, na comunión da vida, no rito de partiren o pan, e nas oracións. ⁴³Apoderouse de todos o respecto, pois os apóstolos facían moitas maravillas e sinais.*”**

⁴⁴Tódolos crentes vivían unidos e tiñan todo en común; ⁴⁵vendían os seus bens e propiedades, e repartíanos entre eles, conforme ás necesidades de cada un. ⁴⁶Todos a unha asistían diariamente ó templo, partían o pan nas casas, comendo con alegría e sinxeleza de corazón; ⁴⁷loaban a Deus, e eran ben vistos por todo o pobo. Cada día o Señor aumentaba o número dos salvos e xuntábaos ó grupo.

Volvamos ler este fragmento deixando que a Palabra de Deus toque os nosos corazóns. Estamos ante unha pasaxe que lemos moitas veces pero por iso mesmo debemos facer un esforzo suplementario para captar toda a súa novidade. Se temos unha Biblia a man posiblemente poida axudarnos o ler as notas explicativas deste texto.

Estamos ante un *sumario* do libro de Feitos dos Apóstolos. Os sumarios teñen unha función de destacar o máis significativo da vida da Igrexa nacente. Por iso convén fixarnos ben no que di.

- O v. 42 fixa as **catro dimensións** fundamentais daquela comunidade primeira... e de toda comunidade cristiá. *Pódelas sinalar?*
- Os vv. 43-47 explicitan e amplían esas catro dimensións. *Que che parece o máis destacable ou importante?*
- No v. 46 destáncase **algunhas actitudes** que son moi importantes para a vida comunitaria. *Sinálaas.*

III. MEDITACIÓN

O autor de Feitos dinos que non hai comunidade cristiá se faltan “a ensinanza dos apóstolos, a convivencia fraterna, a fracción do pan e as oracións”, que poderíamos traducir por **catequese** (escoita da Palabra de Deus e da Igrexa), **vida fraterna** (que inclúe a atención especial aos máis necesitados), **eucaristía-vida sacramental e oración**.

- Na túa familia, na túa comunidade, na túa parroquia, *vívense estes catro elementos? Algún deles está especialmente débil? Cal?*

- Preguntémonos que podemos facer na nosa comunidade ou parroquia para:
 - *dinamizar a Catequese.*
 - *a vida sacramental, principalmente a Eucaristía.*
 - *a vida fraterna.*
 - *atención aos máis necesitados.*

Só seremos comunidade cristiá se vivimos en unión profunda con Deus (que é Familia Trinitaria) e cos irmáns.

IV. CONTEMPLACIÓN E ORACIÓN

É momento para a ORACIÓN e o COMPROMISO.... Volvemos ler o texto bíblico que hoxe é especialmente elocuente...

Facemos SILENCIO para a oración persoal.... (Se parece oportuno expresamos en voz alta as nosas peticións).

Podemos rematar con este canto:

Bendigamos al Señor
que nos une en caridad

y nos nutre
con su amor
en el Pan de unidad.

¡Oh Padre nuestro!

Conservemos la unidad
que el Maestro nos mandó,
donde hay guerra
que haya paz,
donde hay odio
que haya amor.

¡Oh Padre nuestro!

Al que vive en el dolor
y al que sufre soledad
entreguemos nuestro amor
y consuelo fraternal.

¡Oh Padre nuestro!

El Señor que nos llamó
a vivir en unidad,
nos congregue
con su amor
en feliz eternidad.

¡Oh Padre nuestro!

MATERIAL COMPLEMENTARIO PARA O ANIMADOR

Feit 2,42-47

Contexto

Seguindo a dinámica da primeira parte do libro dos Feitos (acontecemento → discurso explicativo), o capítulo segundo iníciase coa vinda do Espírito Santo durante Pentecostés (vv. 1-13), feito ao cal segue o discurso de Pedro (vv. 14-36). Isto provoca conversións (vv. 37-41), noticia despois da cal se nos conta, en forma de sumario, a *vida deses conversos* (vv. 42-47). É precisamente ese sumario o texto que hoxe nos ocupa.

A festa (xudía) de Pentecostés, *Shabu'ot* (en hebreo 'semanas'), celébrase aos cincuenta días de *Pesah* (en hebreo 'salto', a festa de Pascua). Xunto con *Sukkot* (en hebreo 'chozas', 'tendas') son as tres festas en que se debía peregrinar ao Templo de Xerusalén.

En *Shabu'ot* ofrécese a Deus as primicias da terra en acción de grazas polos seus froitos e recoñecemento do don recibido. Para a celebración desta festa cf. Lv 23,9-22.

COMENTARIO

1) Os sumarios no NT e o libro dos Feitos

Sumario: “Aceleración da narración que consiste en contar en poucas palabras períodos longos (meses, anos, mesmo séculos). O libro dos Feitos dos Apóstolos é coñecido polos seus sumarios (por exemplo, Feit 1,42-47; 2,42-47; 4,32-34; 5,12-14; 8,4-8)”¹.

Cuestión a valorar é se os sumarios de Feit reflicten unha situación real vivida ou ideal a propoñer. Os sumarios son habituais tamén nos Evanxeos (por exemplo, Mt 4,23-25; 9,35; Lc 19,47-48).

2) O texto.

- **v. 42.** Nótase a orde (de importancia?) dos elementos resaltados: ensinanza, comunión, Eucaristía e oración.
- **v. 43.** Se o v. 42 fala da comunidade *ad intra*, neste trátase da súa acción e efectos *ad extra*: prodixios e signos que non deixan indiferente a ninguén.

¹ J.-N. ALETTI, M. GILBERT, J.-L. SKA, S. DE VULPILLIÈRES, Vocabulario razonado de a esexese bíblica. Os termos, as aproximacións, os autores (Instrumentos para o estudo da Biblia XV; Verbo Divino; Navarra 2007) p. 89.

- **vv. 44-45.** Incídese na comunión, manifestada na condición de bens. Con todo, e a diferenza da comunidade de Qumran, compartir os bens non era unha obriga (cf. Feit 5,4).

Non é de menor importancia notar que o libro dos Feitos subliña o carácter intracomunitario da comunión de bens: no noso texto dise que os crentes...tiñan todo en común, pero cf. Feit 4,34-35, onde se subliña que “entre eles non había ningún pobre”; ou Feit 2,44-45, onde o suxeito da comunión de bens son “todos os que abrazaran a fe”.

TERTULIANO, *Apologético* 39: “Temos unha especie de caixa, os seus ingresos non proveñen de cotas fixas, como se con iso se puxese un prezo á relixión, senón que cada un, se quere ou se pode, aporta unha pequena cantidade o día sinalado de cada mes, ou cando desexa. Nisto non hai coacción algunha, senón que as aportacións son voluntarias, e constitúen coma un fondo de caridade. En efecto, non se gasta en banquetes, bebidas, ou en despilfarros mundanos, senón en alimentar ou enterrar aos pobres; en axudar aos nenos e nenas que perderon aos seus pais e as súas fortunas, aos anciáns confinados nas súas casas, aos náufragos, aos que traballan nas minas

ou están desterrados en illas ou prisións. Estes *reciben pensión por mor da súa fe*, se sofren como discípulos de Deus. Porque é precisamente esta *eficacia do amor entre nós* o que nos atrae o odio dalgúns que din: mirade como se aman, mentres eles ódianse entre si. Mira como están dispostos a morrer o un polo outro, mentres eles están dispostos, máis ben, a matarse uns a outros. O feito de que nos chamemos irmáns tómano coma unha infamia, só porque entre eles, ó meu entender, todo parentesco úsase con falsidade afectada”.

- **vv. 46-47a.** Repite de modo máis elaborado os elementos subliñados no v. 42: oración (acudir con perseveranza diariamente ao Templo e loar a Deus), comunión (un mesmo espírito), Eucaristía (partir o pan) con ágape (tomar o alimento), non deixar indiferente a ninguén (ser ben vistos por todo o pobo).
- **v. 47b.** O final do noso texto subliña a iniciativa e primacía de Deus no proceso evanxelizador (é o Señor quen vai agregando membros á comunidade) que ten como fin último a salvación.